

Cousa de raíces

Roteiros 2015



ACEBAIS DO PIORNEDO

ROTEIRO POLOS ANCARES



Este roteiro daranos a oportunidade de pasar unhas horas nunha área na que aínda se conserva nun estado óptimo unha representación do bosque autóctono galego. Trátase das reboleiras dos Ancares, nas que os acebos ou acivros son unha especie destacable. As reboleiras foron ao longo do tempo o sustento para a poboación do lugar, ata o desmembramento da sociedade rural acontecida en Galicia a finais do século pasado. O uso sustentable ao que se someteu este bosque ao longo do tempo fixo posible que na actualidade aínda poidamos gozar da súa fermosura e biodiversidade, circunstancia que debemos agradecer aos usuarios do pasado.

O punto de partida do roteiro será o emblemático núcleo do Piornedo. A través do Camín das Pasadas chegaremos ao Val da

Freita, desde onde se ascende ata **Os Acebais**. Desde a Vadagüela continuaremos polo Camín da Braña ata Campo Redondo, Pena Chusmela e, se o tempo o permite, ata a Mallada de Piornedo. Neste lugar elevado, onde a paisaxe cambia a monte baixo, carpazas e praderías de alta montaña, espéranos, da man das guías locais, unha intrigante sorpresa. De regreso, pasaremos polos Requeixos, Chao Grande e Campo, atravesando de novo unha zona de reboleira. No núcleo de Piornedo poderemos ver o seu elemento etnográfico máis singular: **as pallozas**.

Lonxitude: 12 km de dificultade media.

DOMINGO, 15 de MARZO de 2015

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.
Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s



PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

19 de Abril: Sobreiral do Arnego (Agolada)
24 de Maio: Bosque de inundación (Begonte)
14 de Xuño: Loureiral (Illa Cortegada)

+info: www.adega.gal ou roteirosadegalugo.blogaliza.org
cousaderaices.wordpress.com